



O mercado de tractores en Galicia


Ao longo das seguintes páxinas analízase a evolución das vendas desta maquinaria na comunidade galega atendendo a factores como a marca, a potencia ou o lugar do país na que foi adquirida.

Javier Bueno

Departamento de Enxeñería Agroforestal
Escola Politécnica Superior de Enxeñería do Campus Terra
Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Parque estimado de tractores

España: 956.405 unidades



Segundo os datos do parque estimado de tractores existente en España a finais do ano 2017, Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior número de unidades inscritas no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA). Tras as 153.100 unidades de Andalucía, atópanse as 138.600 unidades de Galicia, o que representa un 14,5 % dos 956.405 tractores que se estiman en funcionamento en España. Este feito chama a atención, porque a superficie galega supón menos do 6 % da superficie total e menos do 3 % da superficie agrícola utilizada (SAU) de España.

As características da agricultura galega explican en boa medida esta posición destacada no parque de tractores. O número de explotacións agrarias con SAU no ano 2016 era de 74.434 e cunha media de 8,35 ha. A abun-


dancia de pequenas explotacións, xunto co maior peso que ten a ganadería na produción final agraria (ao redor dun 60 % con datos de 2014), axudan a comprender mellor esta proliferación de unidades. Se a isto lle unimos a tendencia ao aumento do tamaño medio dun número cada vez máis reducido de explotacións e a unha menor dispoñibilidade de man de obra no medio rural debido ao despoboamento e á evolución de-

mográfica, chegamos á conclusión de que a mecanización das explotacións é cada vez máis necesaria para poder realizar os traballos.

A evolución do mercado de tractores tamén é un indicador moi fiable do estado da agricultura dunha zona determinada. Cando as cousas van ben e a situación económica das explotacións mellora, iso tradúcese automaticamente nun maior investimento en renovación de equipos.

► GALICIA É A SEGUNDA COMUNIDADE CON MAIOR NÚMERO DE UNIDADES INSCRITAS NO REXISTRO OFICIAL DE MAQUINARIA AGRÍCOLA

Vendas de tractores novos



Se observamos as cifras de vendas de tractores novos nos últimos nove anos, vemos que a situación non evolucionou da mesma forma no conxunto de España que en Galicia. Así, as cifras de vendas de tractores novos en España levan aumentando de forma continuada nos últimos cinco anos, superando xa as unidades que se vendían no ano 2009. Non é o caso de Galicia, onde as vendas, a pesar de mellorar nestes últimos dous anos, están na actualidade ao 52 % dos valores do ano 2009. Sen dúbida, a desaparición das cotas lácteas na Unión Europea o 1 de abril de 2015 tivo a súa repercusión negativa nas ven-

das dos tractores ao caer o prezo do litro de leite. Non hai que esquecer que o sector produtor de leite de vacún é o primeiro en orde de importancia económica en canto á achega ao valor da Producción Final Agraria de Galicia.

A nivel europeo, se comparamos as vendas de tractores novos no ano 2017 coas do ano 2016, vemos que de 20 países en 14 aumentaron as vendas, dando como media un incre-

mento de case o 13 %, ao pasar de 144.629 a 162.864 unidades.

No seguinte gráfico, “Tractores novos 2017”, podemos observar como o mercado español de tractores é o cuarto en número de unidades vendidas, tras Francia, Alemaña e Italia. Os datos volven indicar que a agricultura europea no seu conxunto, do mesmo xeito que a española, está a obter mellores resultados nos últimos anos que a galega. ►

“Cuando se avería mi máquina, sé que mi distribuidor tendrá el recambio que necesito para repararla”.

Todo lo que necesite para mantener en marcha su actividad.


Encontrar la pieza de recambio concreta que necesita, a veces puede ser tarea complicada. Recuerde que los distribuidores de Kramp ofrecen la mayor variedad de piezas de recambio, asegurándose de que siempre obtiene la solución a sus necesidades. Conozca más sobre nosotros y encuentre su distribuidor Kramp más cercano en nuestra página web.

kramp.com/agricultura




KRAMP
It's that easy.

Tractores novos 2017



► O PERFIL DO TRACTOR NOVO MÁIS VENDIDO EN ESPAÑA EN 2017 FOI UN TRACTOR DE RODAS DE DOBRE TRACCIÓN CUNHA POTENCIA MEDIA DE 108,8 CV


Vendas de tractores novos por comunidades 2017



A nivel español o mercado de tractores novos en Galicia foi perdendo posicións nos últimos anos respecto doutras comunidades autónomas. No ano 2017 foi o sétimo mercado de España con 783 unidades vendidas, por detrás de Andalucía, as dúas Castelas, Cataluña, Extremadura e Aragón. No ano 2009 era o segundo mercado nacional por detrás de Andalucía, con 1.513 unidades vendidas.

A nivel autonómico, Pontevedra foi a provincia con maior número de unidades vendidas (261), seguida da Coruña (245), Lugo (158) e Ourense (119). A potencia media en Galicia situouse en 89,3 CV/unidade, que aínda que está por baixo da media española, mostra grandes diferenzas provinciais. Nas provincias de Lugo (105,2 CV/unidade) e A Coruña (103,1 CV/unidade), con maior importancia da produción gandeira, é onde se venden os tractores máis potentes con medias superiores aos 100 CV. En Ourense e Pontevedra as medias sitúanse por baixo dos 80 CV/unidade, con 76,1 e 72,7 CV/unidade, respectivamente. A maior importancia da viticultura e a horticultura nestas zonas explican as diferenzas.

Vendas de tractores novos por provincia 2017



A potencia media do tractor novo vendido en España no ano 2017 situouse nos 108,8 CV, pero con grandes diferenzas entre comunidades autónomas. Castela e León e Navarra son as comunidades onde se venden os tractores de maior potencia, con medias que se aproximan aos 145 CV/unidade. No extremo contrario, en Canarias e Baleares é onde se venden os tractores de menor potencia con medias de 56,1 e 69,8 CV/unidade, respectivamente. As potencias medias nas distintas comunidades autónomas, xunto coa distribución das vendas de tractores novos por segmentos de potencia no conxunto de España e en Galicia móstranse nas seguintes gráficas: ►►



2019
figan
www.figan.es


19-22 marzo | march
Zaragoza (SPAIN)

14ª Feria internacional para la Producción Animal
14th International Animal Production Show

 **FERIA
ZARAGOZA**


 **GOBIERNO
DE ARAGON**
Departamento de Desarrollo Rural
y Sostenibilidad

Potencia media en tractores novos 2017




► EXPLOTACIÓNS CADA VEZ MÁIS GRANDES DEMANDAN TRACTORES CADA VEZ MÁIS POTENTES

Vendas de tractores novos por potencias 2017 (España)



Vendas de tractores novos por potencias 2017 (Galicia)



Como podemos observar, no conxunto de España o maior número de unidades novas vendidas situouse no intervalo entre os 95 e os 122 CV de potencia (de 70 a 90 kW). En Galicia, o intervalo con maior número de unidades vendidas foi o comprendido entre os 41 e os 68 CV de potencia (de 30 a 50 kW). Isto correspóndese coa menor potencia media do tractor vendido en Galicia en comparación coa media española.

A evolución da potencia media dos tractores novos en Galicia segue en ascenso. Nos últimos 12 anos aumentou case en 20 CV (de 70,2 CV en 2006 a 89,3 CV en 2017), o que concorda coa evolución das ex-

plotacións. Explotacións cada vez máis grandes demandan tractores cada vez máis potentes. De feito, nas provincias de Lugo e A Coruña a potencia media xa está moi preto da media española. En España, pola contra, nos últimos tres anos estamos a observar un descenso no valor da potencia media dos tractores novos, xa que baixou desde os 115,1 CV do ano 2015 aos 108,8 CV do ano 2017. Entre outras causas, a maior demanda de tractores especializados nos últimos anos (como os tractores estreitos para viticultura e fruticultura) é unha das razóns que explica este descenso ao ser unidades de menor potencia. ►►



UNIDADE DE RECUPERAÇÃO DE CAMAS




SEPARATOR
A BAUER Group company

FAN SEPARATOR BRU

O LÍDER TECNOLÓGICO EN TRATAMENTO E SEPARACIÓN DE XURROS

Primeiras
unidades
XA INSTALADAS



AVANTAGES ECONÓMICAS

- Non require mercar material adicional para as camas
- Incremento na produción de leite
- Redución dos custos

OUTRAS AVANTAGES

- Mellora o cow confort
- Baixos niveis de microorganismos
- Fácil manexo
- Disponible cada día




Importador exclusivo para
España y Portugal



Consulte nuestra red de distribuidores
979 728 450 - www.farmingagricola.com




Potencia media (CV)



► SE SUMAMOS AS VENDAS DE TRACTORES NOVOS E USADOS, GALICIA PASA A SER O SEGUNDO MERCADO DE ESPAÑA EN 2017, CUN TOTAL DE 5.087 UNIDADES VENDIDAS

Se analizamos o mercado de tractores usados en España no ano 2017, vemos que o número de unidades vendidas de segunda man é máis do dobre que o de unidades novas, alcanzando un total de 28.836. Neste mercado do tractor usado, Galicia foi a comunidade de España na que se produciron máis cambios de titularidade durante o ano pasado, cun total de 5.024 unidades que multiplican por máis de 6 o número de tractores novos. Ademais, Galicia destaca pola antigüidade do tractor vendido no mercado de segunda man, xa que o 77 % das unidades tiñan máis de vinte anos. Isto é síntoma dunha agricultura con pouco poder adquisitivo (pequenas explotacións, crises de certos sectores...) e dun parque de maquinaria moi envellecido. Tamén é certo que a importancia do sector gandeiro ten a súa influencia neste feito, pois para certos traballos diarios como a limpeza das explotacións ou a distribución de alimento cómpranse tractores vellos que se dedican case en exclusiva a esas funcións cun custo moito máis económico. Se sumamos as vendas de tractores novos e usados, Galicia pasa a ser o segundo mercado de España no ano 2017, cun total de 5.807 unidades vendidas.

Vendas de tractores usados por comunidades 2017



As vendas por marcas comerciais no ano 2017 mostran que o 83,5 % do mercado se concentra en seis grupos comerciais: CNH (Case e New Holland), John Deere, Agco (Fendt, Massey Ferguson e Valtra), SDF (Deutz Fahr e Same), Argo (Landini e Mc Cormick) e Kubota. O grupo CNH é o líder de vendas no mercado español, ao sumar as unidades das

marcas New Holland (2.149) e Case (844). En segundo lugar colócase John Deere, con 2.785 unidades vendidas, o que a sitúa en primeiro lugar como marca. Estes dous grupos comerciais destacan sobre os demais ao supor case a metade das unidades novas vendidas en España o ano pasado (46,4 % de cota de mercado en número de unidades). ►►



Con UCOGA
me siento seguro
en mi granja


**TENEMOS EL MEJOR SEGURO
DE GRANJAS DEL MERCADO:**

- Sin franquicia.
- Sin antigüedades en maquinaria.
- Consideración de lonas como continente.
- Rc de contaminación.
- Rc patronal.


ucoga
CORREDURÍA DE SEGUROS


info@ucoga.es | t. 981 935 004

Grupos comerciais - Cota de mercado



► A FINAL DE ANO VEREMOS SE A EVOLUCIÓN DO MERCADO NOS PRÓXIMOS MESES MELLORA OS DATOS DE 2017

Vendas de tractores novos por marcas 2017



Se no canto de por número de unidades, ordenamos as marcas por volume de facturación, hai algún cambio que chama a atención. Hai marcas que se están especializando en certos segmentos de potencia e canto maior é a potencia do tractor vendido, maior é o volume de facturación por unidade. É o caso da marca Fendt, cuxa potencia media por unidade vendida alcanzou en 2017 os 165 CV, polo que en volume de facturación se colocaría en cuarto lugar, tras John Deere, New Holland e Case.

A evolución do mercado de tractores no ano 2017 en Galicia foi positiva dado que, do mesmo xeito que no conxunto de España, medrou o número de unidades novas vendidas. Neste aumento pode haber unha certa porcentaxe que non se corresponde con vendas reais, debido a que o 1 de xaneiro de 2018 entrou en vigor o novo regulamento 167/2013 que harmoniza os procedementos de ensaio para a homologación de tractores agrícolas en Europa, coñecido popularmente como *Mother Regulation*. Debido a este feito, no último trimestre do ano

2017 realizáronse automatriculacións por parte dos concesionarios para poder vender as unidades dispoñibles en existencias máis aló do 31 de decembro de 2017 xa que, ao non cumprir co novo regulamento en vigor, non se poderían matricular en 2018.

O avance da inscrición de tractores no ROMA durante os seis primeiros meses de 2018 preséntanos un lixeiro incremento do número de unidades novas vendidas en Galicia en comparación con ese mesmo período do ano pasado. De xaneiro a xuño vendéronse 349 tractores novos, un 1,75 % máis respecto dos 343 de 2017. No conxunto de España a evolución nestes seis primeiros meses do ano non é positiva, xa que as vendas descenderon un 9,59 % ao baixar das 5.518 unidades de 2017 ás 4.989 do presente ano. A final de ano veremos se a evolución do mercado nos próximos seis meses mellora os datos de 2017 e se Galicia recupera posicións no mercado de tractores novos en España. ■